

O Neolítico: características e cambios respecto á época paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais)

O Neolítico (etimoloxicamente, “pedra nova”) (ca. 6000-2500 a.C.) é a **segunda grande etapa da Prehistoria ibérica**, despois do Paleolítico (ca. 1200000-6000 a.C.). Comezou coa chegada ás costas mediterráneas de pobos de Oriente Próximo que introduciron a “revolución neolítica”. Esta supuxo o paso da economía predadora típica das sociedades paleolíticas á **economía produtora** de alimentos mediante a agricultura e domesticación de animais. Estes cambios, á súa vez, provocaron a aparición de actividades novas, inexistentes no Paleolítico, como a agricultura de cereais, a gandaría de ovellas, cabras, porcos, vacas, etc., a artesanía do barro e do téxtil e un incipiente comercio baseado no troco grazas a esta produción artesanal e ao maior control sobre os recursos alimenticios e a conseguinte aparición de excedente que se podía almacenar e intercambiar. Na fabricación de ferramentas, prodúcese tamén grandes avances técnicos, unha maior especialización e o emprego de novos materiais: se no Paleolítico a pedra era tallada, agora é puída e emprégase para elaborar utensilios relacionados con esas novas actividades (aixadas, fouces, machadas, muños...); seguen a utilizarse a madeira, o óso e o marfil; e introdúcese a cerámica, fundamental para a almacenaxe e cocido dos alimentos, e a cestería, descoñecidas no Paleolítico. No final do período iníciase a metalurxia do cobre, marcando o paso á Idade dos Metais.

A **sociedade** baséase na familia extensa e, grazas ao control sobre o alimento, faise **sedentaria**, fronte ao nomadismo paleolítico. Isto fai que aparezan os primeiros poboados estables con chozas de barro e madeira, campos de cultivo e currais para os animais, nun clima máis temperado que na etapa anterior, aínda que se continúa habitando en entradas de covas (Cova de l'Or ou Nerja). Non desaparece o traballo colectivo, pero a propiedade privada e a división do traballo, baseada tamén na diferenciación sexual, determina unha maior diferenciación social e a aparición de colectivos especializados (artesáns, mineiros, agricultores, gandeiros). A vida en poboados, así como o control sobre o alimento, a diversificación da dieta (leite, cereais) ou a posibilidade de cocinar os alimentos, traducíronse na mellora das condicións de vida e, en consecuencia, no aumento da esperanza de vida fronte ao que acontecía no Paleolítico. A longo prazo, isto permitiu un enorme aumento da poboación peninsular.

Respecto ás **manifestacións culturais**, no Neolítico consolídanse as crenzas baseadas na economía agraria onde é fundamental a fecundidade dos animais e a fertilidade da terra. O culto aos mortos indica unha posible consideración especial aos antepasados (enterros no chan das casas, baixo lousa, con enxovais; e aparicións das primeiras necrópoles, como na “cultura dos sepulcros de fosa” en Cataluña). Na arte, obsérvase un maior esquematismo e abstracción. Fronte á escultura paleolítica de animais e venus, destacan os ídolos, figuras en bloques xeométricos con ollos enormes. Fronte á representación naturalista e en moitas cores de animais na pintura paleolítica en covas (Altamira), imponse a pintura en abrigos rochosos ao aire libre, con formas moi estilizadas, uso dunha soa cor e coas primeiras representacións de figuras humanas (esceas de caza, recolección, baile...). A maior presenza de vestixios está en Levante (Valltorta, Castelló; El Cogul, Lleida); de aí que se fale de

HISTORIA DE ESPAÑA
PREGUNTA TEÓRICA 1

“arte rupestre levantina”.